

Expediente núm: 391/2026

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, alcalde do Concello de Outes (A Coruña), na data que figura á marxe, dito a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ANTECEDENTES

O Concello de Outes iniciou o proceso selectivo para a contratación de persoal en situación de desemprego, dentro do programa Rural Activo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

A financiación de ditas contratacións son financiadas pola antedita Consellería, de conformidade coa resolución de concesión de data 21/04/2026, asinada polo Director Territorial da Coruña.

En dita resolución consta a axuda para a contratación de *1 operador de maquinaria forestal, código de ocupación 8322*.

Visto que no Decreto desta Alcaldía n.º: 2026-0270, do 25/05/2026, no que se aprobaron as bases reguladoras para a selección de dito posto, figurando por erro, na denominación do posto tractorista brigada forestal.

Considerando que é necesario que exista concordanza entre o código do posto da resolución de concesión da axuda e a solicitude de candidatos ao Servizo Público de Emprego.

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das AA.PP.;

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Correxir o erro material producido no Decreto n.º: 2026-0270, do 25/05/2026 do seguinte xeito:

-No contido íntegro do texto de dito decreto on di “ tractorista brigada forestal”; debe figurar: 8322 - Operadores de maquinaria forestal móbil.

SEGUNDO.- Remitir esta resolución ao Servizo Público de Emprego para a tramitación da oferta de emprego correspondente.



TERCEIRO.- *Publicar esta corrección na páxina web corporativa “www.outes.gal” e no taboleiro de anuncios da sede electrónica para cumprir co requisito de publicidade da convocatoria*

Outes, na data que figura á marxe

O Alcalde

A secretaria da Corporación

Asd. Francisco Calo Abelleira

Asd. Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

DECRETO
Número: 2026-0312 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: 45C6SR72JTDPMF49OC4S9PWP
Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

